



**A Mesa propón seis
medidas urxentes para
revitalizar a lingua** Px. 5

Queremos Galego
anima a aumentar a
presión social tras a
macromanifestación
do 8 de febreiro Px. 3

Un videoclip
desde Carballo
para celebrar os
aniversarios en
galego Px. 3

EDITORIAL

En galego, Galiza ten futuro

Ducias de miles de persoas, diversas e plurais como o noso país, co *Queremos Galego!* de reivindicación común, evidenciamos na rúa máis unha vez que o galego ten futuro. Querer galego é facer todo o posíbel para tornar o desexo en realidade. Falándoo, repóndoo en toda a nosa actuación, e reclamándoo en todos os espazos para o termos en todos os aspectos, ámbitos e funcións da vida, porque ademais de ser un dereito é preciso para a nosa existencia colectiva como pobo.

A macromanifestación do pasado día 8 de febreiro foi unha proba máis de que o galego ten futuro. Voltamos demostrar que somos moitas as persoas dispostas a actuar todos os días para que, por fin, en Galiza, falar na lingua propia sexa normal tal e como debe ser en calquera país do mundo que aspire á dignidade de todas as persoas que viven nel, a se desenvolver en todos os planos da vida. Queremos que o galego sexa lingua de todo e para todo.

Todos os avances para a nosa lingua foron conquistas da sociedade galega e todos favoreceron outros avances sociais. Mentres haxa xente vivindo e traballando conscientemente en galego, disposta a actuar e a se mobilizar pola lingua as veces que fixer falta, a reclamar o seu lugar lexi-

timo, a comunicarse nela con normalidade coas súas compatriotas, a transmitila aos seus fillos e fillas, Galiza, o galego, teñen futuro.

A situación da lingua galega que mostrou recentemente o IGE exige o compromiso real e efectivo do conxunto da sociedade galega mais tamén, de xeito especial, das institucións públicas e nomeadamente, por mandato estatutario, dunha Xunta de Galiza caracterizada polo absentismo das súas funcións ou por actuar directamente en contra da normalización.

Por iso o pasado 4 de febreiro A Mesa pola Normalización Lingüística se dirixiu ao presidente Feixó coa intención de manter unha reunión con el e exporlle seis medidas urxentes para reverter a situación do galego, que nacen tanto do acordado por unanimidade no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, como da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, ratificada polo Estado Español. Seis medidas urxentes porque así o require a situación do noso idioma. Medidas concretas para aplicar inmediatamente en ámbitos como o audiovisual, a través da CRTVG, ou como o ensino, a administración, os transportes públicos, a comunicación dentro do noso sistema lingüístico con acordos coa RTP ou para que as axudas e subvencións

públicas contribúan de xeito efectivo á normalización do galego.

Entre todas e todos temos que transformar en movemento a inacción que caracterizou a política lingüística autonómica, mais tamén, como sempre, sen ficarmos de brazos cruzados. Cómpre actuar todos os días, con perseverancia e esforzo, para sermos colectivamente impulsores, promotores e activistas da lingua. Temos que facer nós, vencendo todas as dificultades, o que o Goberno galego se nega a facer.

Todas e todos facemos máis falta que nunca para lle darmos a volta á situación do galego, para que chegue ao século XXII vivo e vigoroso. Facemos máis falta que nunca na Mesa pola Normalización Lingüística que precisa todas as mans para alargar a causa do galego, para parabenizar quen nos quere, mais tamén para denunciar e facer recuar todas as agresións, indiferenzas e maos tratos que recibimos por quereremos galego.

Asociarse á Mesa, participar das súas reivindicacións, das campañas para conseguir avanzar, das súas actividades... é imprescindible para manter a mobilización dunha sociedade que, por desgraza, se ve na obriga de actuar soa ante a deixazón de responsabilidades da administración pública, mais que tamén demostra que é a garantía de que Galiza e o galego teñen futuro.



Queremos Galego anima a aumentar a presión social tras a exitosa macromanifestación do 8F

A altísima participación foi unha mostra máis da unidade da sociedade galega en torno á súa lingua da que só se autoexcluíu unha parte do PP.

A Plataforma cidadá Queremos Galego avaliou a macromanifestación que encheu as rúas de Santiago o pasado 8 de febreiro baixo o lema "Polas fillas dos nosos fillos" como "unha mostra de unidade en torno á lingua como elemento común e de cohesión social fundamental para a nosa existencia como pobo", da que "só se autoexcluíu unha parte do PP".

"Malia as adversas condicións meteorolóxicas dos días previos e o silenciamento respecto da convocatoria, foron multitude as persoas que se achegaron a Compostela para reclamar o lugar que lle corresponde á nosa lingua como a propia que é de Galiza, sen dúbida grazas ao esforzo de centos de voluntarias e voluntarios que difundiron, organizaron actos, coordinaron autobuses e fixeron un enorme esforzo que derivou no éxito da convocatoria".

Queremos Galego animou a continuar a mobilización social "na rúa, visibilizando que somos multitude as persoas que queremos vivir en galego con absoluta normalidade no noso país, mais tamén na acción diaria, reclamando a presenza do galego en todos os ámbitos, apoiando iniciativas colectivas e individuais que actúan soas, por desgraza para Galiza, sen ningún tipo de apoio institucional, e a pesar da actitude do propio goberno galego". Un goberno



galego que calificaron de absentista respecto das súas obrigas en relación á lingua galega, polo que animaron "a que a sociedade actúe para facer por si mesma o que até agora a Xunta se negou a facer".

Todos os datos e estudos indican que o nivel de utilización, coñecemento e uso do galego nas aulas é o máis baixo da historia autonómica, o que para Queremos Galego é consecuencia da non aplicación de ningunha das medidas acordadas para devolver o galego a todos os espazos e da acción contraria á lingua que se

vén desenvolvendo nos últimos 6 anos.

"Que fixo o goberno para garantir a presenza do galego en todos os aspectos da vida social tal e como se contemplaba o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega? Eliminar o galego de todo ensino que na etapa infantil está practicamente desaparecido", sinalaron os representantes da plataforma cidadá.

O éxito da presión social xa arrincou declaracións do presidente Feixó, mais Queremos Galego reclama feitos non só palabras e para iso cómpre aumentar máis a presión da

sociedade. "Se realmente quere acordo, o Presidente debe comezar por cumprir os que xa hai, principiando polo PXNLG, aprobado por unanimidade, o que conleva a derogación do Decreto 79/2010 contra o uso do galego no ensino e pór en marcha as medidas contempladas no PXNLG" e engadiu que "Non chega só con que Feixó recoñeza que rompeu eses acordos unilateralmente. A situación do galego precisa accións e non declaracións grandilocuentes" sinalou o portavoz de Queremos Galego, Marcos Maceira.

O 11 de febreiro, o auditorio da Biblioteca Rego da Balsa de Carballo acolleu a presentación da canción e do videoclip *Parabéns para ti*, impulsado conxuntamente pola Mesa pola Normalización Lingüística e o Concello de Carballo coa finalidade de promover que se celebren os aniversarios en galego.

Parabéns para ti / nesta data querida / Moitas felicidades / Moitos anos de vida. / Hoxe é día de festa / cantan as nosas almas / para ti que hoxe é o teu día / unha salva de palmas!

Para facilitar que nenas e nenos, e tamén maiores, celebren e feliciten os aniversarios en galego, impulsouse desde Carballo a gravación dunha canción co seu correspondente videoclip. Trátase dunha proposta da Mesa pola Normalización Lingüística promovida conxuntamente co concello carballés a través do seu Servizo de Normalización Lingüística, e que contou coa colaboración do Coro Vagalume.

A este videoclip, xa publicado na canle da Mesa de Youtube e que atinxiu as 5000 visitas en menos de 24 horas, pode acceder todo o mundo e utilizarse para aprender a canción; usalo para felicitar os aniversarios

Un videoclip desde Carballo para celebrar os aniversarios en galego



Presentación da canción e do videoclip

Parabéns para ti

Mércores 11 de febreiro ás 19.00 h
Biblioteca Rego da Balsa de Carballo

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



G! SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CARBALLO



a través das redes sociais; utilizar o vídeo en centros de ensino, ludotecas, festas, etc. Ademais, o Concello de Carballo distribuirá nas escolas infantís, centros de ensino e ludotecas do municipio.

A canción e o vídeo foron totalmente producidas en Carballo e por xente do municipio. A adaptación musical da popular canción *Parabéns para ti* é obra de Nanny Mouro. De poñerlle voz ao tema encargáronse Paula Fraga, como voz principal, e Carla Serrano, Julia Antelo, Noah Abelenda e Sara Pose nos coros. A canción gravouse nos estudos da Escola da Rúa. Da posta en escena para o videoclip encargouse o Coro Vagalume, coa participación de arredor de 40 nenos e nenas. A gravación e produción do vídeo é obra de Mamá Lola estudos. O videoclip gravouse na Biblioteca Rego da Balsa.

A Mesa pola Normalización Lingüística asistiu á sede da ONU en Xenebra para participar no exame ao Estado español que a comisión de dereitos humanos da ONU realizou no marco do 21 Exame Periódico Universal de dereitos humanos (Universal Periodic Review of human rights in the Spanish state), no que se avalía o respecto aos dereitos humanos en materias como racismo, inmigración, tourutas ou cultura e educación.

A Mesa pola Normalización lingüística, a través do seu presidente Marcos Maceira, fixo parte dunha delegación de representantes de ELEN (European Language Equality Network) que acudiu a esta sesión nas Nacións Unidas para expor o seu informe sobre a discriminación de falantes de linguas diferentes ao español no Estado, que será tido en conta para a elaboración do informe sobre a situación dos dereitos humanos no Estado español elaborado no marco desta 21ª Revisión Periódica Universal.

Alén da Mesa pola Normalización Lingüística, a delegación de ELEN estivo composta por Ferran Suay (Acció Cultural del País Valencià ACPV), Rosa de les Neus Marco (Plataforma per la Llengua, Cataluña), Francesc Felipe, Jaume Fullana e Natxo Badenas (Escola Valenciana).

A sesión comezou coa comparecencia do Secretario de Estado de Relacións Exteriores para dar conta do informe presentado polo Estado e responder ás cuestións da Comisión.

Tras esta comparecencia do Secretario de Estado de Asuntos Exteriores, a delegación de ELEN participou nun acto ante a prensa internacional na sala XXIII da ONU para expor o informe presentado e detallar os casos de discriminación lingüística recollidos.

A delegación de ELEN foi moi crítica co silencio do Secretario de Estado a respecto das denuncias de discriminación lingüística, obviadas na súa comparecencia, e destacaron a necesidade de que a vulneración de dereitos lingüísticos se inclúa nos informes oficiais do Estado, que non facía ningunha alusión a esta cuestión no seu relatório.

Na súa intervención, o presidente da Mesa,

A Mesa levou a situación do galego ante a ONU



Marcos Maceira, destacou que o galego "ten dereitos xurídicos recoñecidos mais na práctica non se poden exercer en plenitude" e detallou casos de represión lingüística sobre galegofalantes como retrasos en operacións por solicitar a autorización en lingua galega, denegacións de bolsas predoutorais por presentar o certificado de estudos universitario en galego ou ameazas en oposicións por utilizar o noso idioma.

No referido ao dereito á educación, o presidente da Mesa destacou os retrocesos a respecto da oficialidade do galego que está a impulsar o actual goberno da Xunta, como o Decretazo contra o galego que por primeira vez limita o uso do galego no ensino e que calificou como "tremendamente lesivo" para a saúde da lingua galega.

Maceira aproveitou a ocasión para informar a prensa internacional da convo-

Marcos Maceira:
"O galego ten dereitos xurídicos recoñecidos mais na práctica non se poden exercer en plenitude"

catoria de Queremos Galego para o 8 de febreiro.

Na comparecencia de ELEN tamén participaron por Ferran Suay (Acció Cultural del País Valencià ACPV), Rosa de les Neus Marco (Plataforma per la Llengua, Cataluña), Francesc Felipe, Jaume Fullana e Natxo Badenas (Escola Valenciana), que detallaron numerosos casos de discriminación lingüística nos seus territorios, polo que o informe de ELEN conclúe que "a discriminación contra as linguas propias diferentes do español é sistémica desde o propio Estado, e que esta discriminación está institucionalizada".

A Rede Europea pola Igualdade Lingüística (ELEN) constituíuse no 2011 para traballar na protección e promoción das nacións sen estado de Europa e as linguas minorizadas. Até agora ELEN representa 44 linguas en 21 Estados europeos.

MÁISNOVAS

A Mesa e a Plataforma per la Llengua xúntanse en Barcelona

A vicepresidenta da Mesa pola Normalización Lingüística, Mónica Pazos, mantivo unha reunión o pasado mes de febreiro en Barcelona coa Plataforma per la Llengua de Cataluña, onde as dúas entidades, en defensa da lingua galega e catalá repectivamente valoraron conxuntamente o acto que tivo lugar na sede da ONU en Xenebra para denunciar as vulneracións de dereitos humanos por razóns lingüísticas no Estado Español. O encontro serviu ademais para partillar e debater arredor das experiencias e accións dunha e outra asociación na reposición e normalización das linguas propias.

O GALEGO EN FACENDA

Son evidentes os pasos atrás que a Administración Xeral do Estado está a dar no recoñecemento efectivo da oficialidade do galego. O caso da Axencia Tributaria é un dos máis sangrantes, pois está a levar a cabo un proceso de erradicación da nosa lingua en todos os trámites, modelos de documentos, etc. nos que até hai uns anos o galego tiña unha mínima presenza. Así, a plataforma telemática da Axencia Tributaria directamente non permite o uso do galego, elimináronse os modelos de impresos e formularios en galego que existían nas oficinas e na web da Axencia Tributaria, como os formularios de autoliquidación que utilizan asociacións, autónomos ou empresas para facer o pago trimestral do IVE e

que desde hai uns meses só é posíbel presentar en español... e mesmo se negan a facilitar escritos en galego cando un cidadán llos solicita!

Agora que comeza a campaña da Renda é un bo momento para lembrarmos que temos dereitos lingüísticos na nosa relación coa Axencia Tributaria:

É numerosa a lexislación que reitera a oficialidade do galego e o seu carácter de lingua propia de Galiza, e ampara o seu uso nos trámites administrativos. Non só establece o dereito dos cidadáns a se dirixir en galego a todas as administracións radicadas en Galiza, senón que sinala a obriga destas a respectar a lingua oficial do contribuínte e dirixirse a el en galego, tanto de forma oral como escrita, cando o solicite, así como a tramitar en galego cal-

Proposta de medidas urxentes para a normalización da lingua galega

Tras a exitosa manifestación do 8 de febreiro de 2015, que congregou miles de persoas de toda Galiza reclamando a posta en marcha de medidas urxentes para recuperarmos a nosa lingua e revertir o proceso que a exclúe de todos os ámbitos e que provoca a redución de utentes de galego, a Mesa pola Normalización Lingüística fai un chamado ao conxunto da sociedade galega e a todas as organizacións sociais, sindicais e políticas para que impulsen a posta en marcha con urxencia e carácter inmediato destas 6 medidas que necesariamente se han de complementar con outras contempladas na Carta Europea das Linguas, ratificada en 2001 polo Estado Español, ou no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2004 coa unanimidade do Parlamento Galego, e que debe ser reactivado como punto de partida para a recuperación e reposición efectiva do galego a todos os niveis.

Non son todas as medidas que o noso idioma precisa, mais si, de entre elas, as que a administración galega debe pór en funcionamento con máis urxencia. Son só 6 medidas que só precisan convecemento e vontade de aplicación por parte do goberno galego, que levándoas a termo comezaría, despois de décadas de inacción, a viraxe que a lingua galega precisa para chegar con saúde ao século XXII.

1. IMPULSO AO PAPEL NORMALIZADOR DA CRTVG

- Mellorar e ampliar a oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG.
- Debates políticos plurais sobre temas de interese xeral de temática galega.

- Intervención de persoas expertas que utilicen a lingua galega nos noticieiros e programas.

- Programación ampla e específica sobre historia de Galiza, patrimonio galego, música en galego, literatura galega...

- Acordos con outras canles, distribuidoras, produtoras para a dobre e lexendado de filmes e series en galego.

2. ENSINO EN GALEGO

- Plan de choque para a introdución e o emprego do galego na Educación Infantil

- Emprego do galego na Educación Infantil: inmersión lingüística

- Oferta de materiais didácticos en galego

- Impulso ao galego na Educación Primaria e Secundaria e eliminación de todos os límites

- impostos á lingua propia no decreto 79/2010.

- Oferta de galego en xoguetes e lecer infantil e xuvenil.

3. ADMINISTRACIÓN EN GALEGO.

- Oferta positiva na atención ao público en toda a administración galega, municipal e estatal e en todas as concesións públicas, así como galeguización de toda a sinalización, formularios e documentación interna e externa.

- Oferta de galego en todos os servizos de administración electrónica

- Impulso da galeguización da xustiza e do programa Minerva.

- Oferta positiva de galego no Servizo Galego de Saúde e galeguización de todos os programas e aplicacións informáticas, nomeadamente Ianus.

4. TRANSPORTES PÚBLICOS

- Sinalizacións e información en galego nas estacións de autobuses e tren.

- Utilización exclusiva da toponimia galega como única forma legal.

5. CONVENIO COA RTP

- Recepción en todo o territorio galego, cando menos, do sinal da Radio Televisión Portuguesa e emisión da CRTVG para Portugal.

6. AXUDAS E SUBVENCIÓNS.

- Condicionar todas as axudas e subvencións da Xunta de Galiza á utilización efectiva da lingua galega, nomeadamente as concedidas á Igrexa Católica e aos medios de comunicación.



CONSULTORIO DA LIÑA DO GALEGO

902 10 64 74 / linhadogalego@amesa.gal

quera procedemento dunha Administración Pública con sede en Galiza que afecte os seus intereses (artigos 35 e 36 da Lei 30/92). Así mesmo, o material impreso e os formularios da Axencia Tributaria en Galiza han de estar dispoñíbeis en galego ou en bilingüe, como os de calquera órgano da Administración Xeral do Estado con sede no país (art. 5.1 do Real decreto 1465/99).

Cando estamos a facer as xestións non nunha sede física senón ante unha sede electrónica débese aplicar o disposto na Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos cuxa Disposición adicional sexta, establece: "1. Garantirase o uso das linguas oficiais do Estado nas relacións por medios electrónicos dos cidadáns coas Administracións (...) 2. Para estes efectos, as sedes electrónicas cuxo titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística

posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes."

Reparemos en que esta lei indica que estas páxinas deben facilitar o acceso "aos seus contidos e servizos", isto implica que non abonda con ter simplemente unha páxina de benvida en galego para despois obrigarche a facer os trámites en español, como acontece na maioría dos casos...

QUE DEBEMOS FACER SE FACENDA NON NOS PERMITE USAR O GALEGO? A experiencia demóstranos que a lexislación que reconece os nosos dereitos lingüísticos se incumpre cada vez máis na Administración estatal. Por iso é importante que todas denunciemos calquera traba para usarmos con normalidade o galego, xa que un dereito que non se exerce nin se reclama é un dereito que se perde. Que fique constancia oficial destas vulneracións é imprescindible para podermos

demonstrar que estas regresións que pretenden reducir a oficialidade do galego a papel mollado son reais, e desmontarmos a escusa habitual de que os problemas se deben a "casos puntuais e aillados".

O primeiro que debemos facer é presentar unha solicitude ou queixa ante a propia oficina da Axencia Tributaria (hai modelos dispoñíbeis en www.amesa.gal) e asemade presentala perante o Valedor do Pobo. É conveniente que nos fagas chegar unha copia da túa queixa á Mesa onde poderemos asesorarte, darlle eco e facermos un seguimento do caso (o correo de contacto da Liña do Galego é: linhadogalego@amesa.gal). Tamén convén enviar outra copia á Secretaría Xeral de Política Lingüística (sxpl.secretaria@xunta.es), que como departamento do Goberno galego responsábel de garantir os dereitos lingüísticos está na obriga de tramitar e responder a nosa queixa.

Por H. Sanfiz.
Radio Fene

Radio Fene: Enfoques innovadores na radio pública local

Radio Fene naceu en 1984. A emisora municipal, a radio pública local, era daquela un medio novo, para o que era preciso pescudar fontes de información, aplicar diferentes valores-noticia e enfoques innovadores na procura da identificación dos cidadáns, dos oíntes coa súa radio.

Non existía daquela radio ningunha que empregara exclusivamente o idioma galego, e converterse nun axente activo de promoción da nosa lingua foi un dos principais retos dun medio de comunicación que nacía plétórico de ilusión.

Ademais de contribuír á dignificación da nosa lingua, a radio pública local logrou tamén exercer, con numerosas accións, unha activa dinamización cultural e económica. Xeráronse procesos participativos de revitalización do patrimonio, axudando a medrar a auto estima e a apreciar o valor intanxible da cultura.

A RADIO E A CRISE

Nos momentos actuais de prolongada crise económica, ou a democracia limita aos mercados, ou os mercados arrasarán coa democracia, tal e como a coñecemos, afirmaba o escritor Antón Baamonde. Fondos de investimento, bancos e grandes empresas queren eliminar o estado do benestar.

Nos non queremos ser desa familia dos

medios de comunicación que repiten como papagaios as dúas ou tres supostas verdades esenciais que hai que adoptar como dogmas revelados. As elites amosan indiferenza diante do empobrecemento do pobo. A xente e as pequenas empresas afunden e mentres incrementase o número de millónarios e o seu patrimonio. Os grandes empresarios poden despedir a baixo prezo e volver a contratar cun salario máis reducido.

En Galicia comezou un progresivo despece da sanidade pública que quere pasar desapercibido. A resposta social aínda é escasa. Nese contexto evidénciase aínda máis a necesidade de medios de comunicación comprometidos coa nosa xente, coa sociedade e coa cultura.

As pinturas da cova de Altamira, que os estudosos datan arredor de 13.000 anos antes de Cristo, responde a un planeamento, o que implica un proceso cognitivo de reflexión para concluír qué pintar, onde e como facelo e distribuílo. Existe case un acordo unánime de que son símbolos ligados á caza e a fecundidade. Tamén parece clara a necesidade dunha organización social para poder realizar obras desa envergadura.

Poderíamos dicir que n arte rupestre pintábase aquilo que se quería cazar. En "Mar e ferro" tamén quixemos pintar aquilo que desexamos: barcos e carga de traballo nos estaleiros. Pretendíamos reproducir os buques coa intención de que aparezan tamén na grada. No século vinte e un sabemos que iso non depende de meigas, bruxos e chamáns senón

de gobernantes que están na mente de todos. A eles diríxese o pincel que hoxe comparte a cidadanía de San Valentín con artistas chegados de toda Galicia.

"Mar e ferro" foi, en 2014, unha das iniciativas coas que Radio Fene quixo conmemorar os seus trinta anos de vida. Máis de trinta artistas de toda Galicia viñeron a Fene para pintar nos muros de San Valentín, a súa visión do mundo coa construción naval. Foi unha iniciativa organizada en colaboración co Centro de Promoción Social de San Valentín e co Concello de Fene.

Tamén nese marco conmemorativo editouse a publicación "Perlío no pasado", unha aproximación histórica a esta parroquia de Fene, que se presentou no Circulo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío e que contou cunha acollida moi favorable. A historia da construción naval, a guerrilla antifranquista, o movemento obreiro, son algúns dos temas abordados nas súas cento vinte e sete páxinas.

Outra das iniciativas conmemorativas, consistiu na exposición sobre "O Pazo de Barallobre e o pintor romántico Antonio Jaspé Moscoso". Fotografías e cadros reviviron a memoria dunha edificación desaparecida pero moi presente na memoria das xentes da parroquia. Entre outubro e novembro púidose visitar a mostra na Liga de Amigos de Barallobre.

As tres iniciativas pescudaron afondar na conexión de Radio Fene coa sociedade, na identificación dos cidadáns, dos oíntes coa súa radio.



Desprezo da CEG polo propio e autoodio ao pedir a supresión do galego nos cursos de formación

A Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) reclamou a supresión do galego como criterio de baremación á hora de obter subvencións públicas para cursos dirixidos a formar persoas no paro, o que para A Mesa pola Normalización Lingüística é un absoluto desprezo polo galego e, xa que logo, por Galiza".

Segundo sinalaron desde a entidade en defensa da lingua, "esta mostra de autoodio que manifestaron desde a denominada patronal, é indicativo do desprezo que manteñen

tamén pola súa propia actividade empresarial se é que a fan en Galiza", e animaron a CEG a mudar de actitude "porque o desprezo por un mesmo non é boa carta de presentación en ningures, nin en Galiza nin no mundo".

Se desde a Confederación de Empresarios detectan eivas na formación, poden comezar por sumarse a todos os colectivos que exixen a readmisión inmediata do profesorado CELGA despedido ilegalmente, porque este profesorado é imprescindible para a formación lingüística de adultos.

Por fortuna, non todo o empresariado despreza o seu País

e a súa lingua. Hai empresariado en Galiza que ve no galego unha marca de calidade e de respecto por si mesmo e pola súa clientela. Temos como exemplo ás 90 empresas que participan do proxecto Abertos ao Galego, da Mesa pola Normalización Lingüística, por convecemento no que fan, porque confían na potencialidade da lingua, e sen ningún tipo de interese alén dos lexítimos como empresas, o que contrasta coa actitude manifestada pola CEG, que malia rexeitar o galego, non tivo problemas para recibir até 2012 axudas destinadas á normalización lingüística.

Por César Varela.
Profesor e activista
cultural

TOPONIMIA

GUERRA E PAZ EN OUTEIRO DE REI

Nonimosfalaraquída sonada novela de Tólstoi, nin de loitas e paces que acontecesen no noso querido lugar de Outeiro de Rei.

Imos pescudar na orixe dos coñecidos apelidos galegos GUERRA, PAZ e OUTEIRO.

Entendemos que os apelidos GUERRA e PAZ nada teñen que ver con situacións de combate e posteriores pacificacións.

Como poden semellantes conceptos abstractos pasar a ser apelativos de persoas?

En tal caso sería Pacífico, Pacato, Guerreiro... e adxectivos derivados os que poderían ter pasado a nomear ás persoas; mais sería estraño que o substantivo orixinario pasase ao chamadeiro popular.

O apelido PAZ, é coñecido que procede do nome grecolatino PELAGIO, ou home do mar.

De aí saíron PELAIÓ e posteriormente PAIO.

Tamén deu en PELAEZ, PAEZ, e logo, PAIS e PAZ.

Pensamos que o apelido coruñés de, PAN, ten a mesma procedencia.

Tan estrano como chamar a unha persoa de, PAZ, sería chamalo de, GUERRA.

Aí é onde pensamos se debe á evolución do suéxico HERR; o señor, que é equivalente ao DON latino na súa dupla acepción de "señor" e mais de "santo".

-HERR SANTIAGO!, clamaban os peregrinos xermánicos ao se achegaren a Compostela.

Ese HERR, debeuse transformar desde a lingua dos suevos no noso GUERRA de hoxe.

Este apelido é moi común en Ourense e na zona do Bierzo onde dá nome a uns sonados viños de uva mencia.

Do apelido GUERREIRO sospeitamos a mesma procedencia, sen nada a ver coa súa faciana de combate; pero tamén podería ser unha evolución do coñecido apelido BA-



RREIRO > GARREIRO (Val Garreiros, en Leiro) e de aí GUERREIRO.

Do apelido OUTEIRO, xeneralizando hoxe nun castrapeado OTERO, podemos dicir que é un topónimo abundantísimo no país.

Para todo o mundo está claro a súa referencia a un lugar prominente con relación ao seu entorno.

Mais chaman a atención tres aspectos:

-Hai lugares chamados de OUTEIRO que están en zonas máis ben baixas. Como explicar iso?

-Moitos outeiros van acompañados dun nome de persoa? OUTEIRO de Urraca, de Bodas, de María, de Millán, de Lea, de Fernando,....

-Que sendo os outeiros xeralmente lugares íngremes e deshabitados, como pasa a ser un chamadeiro social da

xente?

Se dicimos Xan do Outeiro, seica non referimos a que ese Xan naceu ou viviu, nun lugar bravo e inhóspito?

Para explicar estas dúbidas preferimos entender que a palabra OUTEIRO, debeu ter o significado de SOBRADO, ou sexa, casa cun primeiro andar.

Así, ser do OUTEIRO, daría un certo rango, pois significaba que non se nacera nunha casa térrea.


Un documento medieval pontevedrés recollido polo P. Sarmiento fala:

"E vendo a miña casa, co seu OUTÓN e o seu mago"

Aí OUTÓN, sería como o OUTEIRO; o piso da cima.

Por tanto o noso Outeiro de Rei, máis que unha referencia a un lugar destacado no relevo, estaríase a referir a unha boa e anerga casa, co seu andar alto, e ademais, reguenga ou pagadora a El Rei, como CASAL de REI, ou na mesma liña debemos entender o leonés OTERO de DUEÑAS, en referencia a unha primitiva casa de monxas.

Que bo sería que os tantos OTEROS que hai polo país usasen a legalidade vixente para recuperar o seu pristino e galego OUTEIRO!!



s marcadores discursivos son instrumentos de natureza lingüística (locucións,

palabras ou partículas invariábeis) utilizados na construción do texto para dotar este de cohesión e para guiar a súa correcta interpretación. Veñen sendo algo así como os sinais de tráfico que nos orientan e guían na condución. Aínda que non se lles concedeu moita importancia nos estudos lingüísticos, teñen unha altísima frecuencia de uso. Mais isto tamén conduce a un alto grao de interferencia do español. Xa as persoas especialistas alertaron de que en situacións de contacto de linguas os marcadores discursivos son a columna avanzada que anuncia a invasión da lingua dominada por parte da dominante.

No noso caso, os marcadores discursivos do español xa hai moito tempo que invadiron o galego: *bueno, *vamos a ver, *sin embargo, *de todos modos, *en primer lugar etc. Na lingua escrita fóronse corrixindo en xeral estas interferencias, mais na oralidade aínda continúan a ter unha grandísima presenza. Na realidade, pasa o mesmo con algunhas formas pronominais (mesmo/ *mismo, vostede/ *usted, ninguén/ *nadie), adverbios (lonxe/ *lexos, agora/ *ahora, onte/ *ayer, sempre/ *siempre), preposicións

PARA MELLORARMOS A CALIDADE DA NOSA LINGUA. OS MARCADORES DISCURSIVOS

(até/ *hasta, segundo/ *según, sen/ *sin) ou conxuncións (mentres/ *mentras, se/ *si); e pasa tamén con outras palabras lexicais de grande uso na vida diaria (avó/ *abuelo, Deus/ *Dios, móbel/ *mueble, teito/ *techo, forte/ *fuerte etc.). É a alta rendibilidade destas palabras e dos marcadores discursivos a que lles confire unha especial relevancia no avanzado proceso de castellanización en que a lingua galega se acha na actualidade e a que converte estes en símbolos representativos da desnaturalización que está a padecer, pois hoxe resulta totalmente habitual que unha persoa galegofalante, mesmo culta e coidadosa co bo uso da lingua galega, utilice, tamén en actos formais como palestras, entrevistas na radio e televisión ou noutro tipo de intervencións públicas, certos marcadores discursivos que deturpan de forma notábel a galegitude da súa expresión e que transmiten o estigma da alleación lingüística. De entre eles, uns son tirados directamente do español (*bueno, *o sea, *hombre, *de todas formas, *mismo, *hasta, *sin duda, *verdaderamente etc.), outros están parcialmente adaptados ao galego

(*é decir, *de todos xeitos, *mentras, *aunque etc.), e algúns presentan unha dubidosa galegitude que os converte en perfectamente prescindíbeis (*sen embargo/ porén, *en cambio/ en troca, pero/ mais etc.); tamén os hai que alternan formas coincidentes co castelán de uso maioritario e outras diferencialistas máis acordes coa nosa tradición lingüística (en efecto/ con efecto, con respecto a/ a respecto de, en realidade/ na realidade, en canto a/ canto a, ademais de/ alén de etc), e máis recomendábeis por tanto nesa procura dun galego auténtico e menos dependente do castelán, como tamén o son outros marcadores como porén ou no entanto, felizmente incorporados á norma e que debemos potenciar tanto na escrita como na oralidade.

Entre os castellanismos introducidos neste importante ámbito da expresión lingüística, non hai dúbida de que o máis frecuente e chamativo, debido tamén á súa multifuncionalidade, é *bueno, verdadeiro retrouso omnipresente en calquera acto conversacional, popular ou culto, formal ou informal. Para mellorarmos a calidade da nosa

lingua é imprescindible a eliminación progresiva desta interferencia na oralidade e a recuperación de bon como marcador discursivo para complementar os usos de ben, xunto con outras fórmulas como vaia, vaites, en definitivo etc. que tamén ocasionalmente o poden substituír. Tórnase evidente que, de conseguirmos eliminar o *bueno da lingua oral, cando menos nos usos públicos e formais do idioma, teremos dado un paso adiante de extraordinaria importancia na procura dese galego máis auténtico e con futuro. Polo contrario, calquera intento por lle dar carta de natureza como fórmula inevitábel no galego deberá ser combatido con firmeza por atentar contra a autoctonía do idioma e, en definitivo, contra o seu futuro como lingua diferenciada do español.

Por Xosé Ramón Freixeiro Mato.
Catedrático de Filoloxía
galega na UDC

CONTRACAPA

RUTH CARAMÉS COMPOÑENTE DE FABALOPA

“En galego hai moito material, pero non de todo. Atopamos carencias no audiovisual e no xogo”

Alí é un portal de recursos en galego no que se recolle diverso material relacionado coa educación infantil. Esta iniciativa quere servir de axuda a todas as persoas vinculadas ao mundo infantil que queiran usar ferramentas en galego. Parécenos unha proposta moi necesaria nun momento no que o uso do galego descende, especialmente entre a xente nova, como mostra a enquisa do IGE ou o Estudo sobre a lingua galega nas aulas de educación infantil das cidades galegas da Mesa pola Normalización Lingüística.

Cal é o obxectivo de Alí, recursos en galego para a educación infantil?

O obxectivo principal é promover o uso do galego nas escolas infantís, frear ese descenso que comentabas. Cómpre poñerlle as cousas doadas ao persoal que traballa nestas escolas, achegándolles información sobre os materiais que temos dun xeito atractivo e práctico.

No portal podemos atopar ferramentas en galego dirixidas ao persoal formador das escolas infantís, a quen máis lle pode interesar?

O portal naceu da man dunha proposta de formación dirixida ao persoal das escolas infantís para achegarlles recursos en galego de utilidade no seu día a día. Viña a ser o lugar onde se recollen todos eses recursos unha vez rematada a xornada de formación, por iso lle puxemos ese nome, “Alí” que quería ser a resposta a “Onde estaba aquel recurso do que me faláron na xornada?” ou “Onde podo atopar un recurso para traballar este tema ou esta competencia?” Pero cando comezamos a traballar démonos conta de que podía ser de interese para outro tipo de público coma pais e nais, estudantes, xente que traballa en ludotecas e bibliotecas... e daquela démoslle unha volta á idea primeira, sobre todo na organización e o aspecto do portal, menos técnico e máis “para todos os públicos”.

A páxina está estruturada en varios apartados para facilitar a busca de recursos, que podemos atopar?

Os recursos aparecen clasificados segundo va-



rios criterios: idade, tipo, tema e competencia. Poden buscarse recursos para tres franxas de idade diferentes: 0 a 1, 1 a 3 e 3 a 6 anos. Tamén poden seleccionarse só libros (chamámolles “para ler”) ou material audiovisual (“para ver”), música (“para escoitar”) e xogos (“para xogar”). Hai recursos seleccionados para traballar temas concretos coma o Nadal, o entroido ou os animais e por último, tamén poden buscarse recursos para traballar unha competencia determinada: social, emocional, matemática... a través dun buscador no que se pode ademais seleccionar a idade. Este apartado de “Competencias” poida que sexa o que se fixo máis pensando nas profesionais das escolas, para que sexa de axuda á hora de programar unhas actividades da aula que deben atender a este criterio das competencias.

Engadimos tamén un apartado que lle chamamos “Faino ti” onde se recollen ferramentas para facer materiais didácticos en galego de xeito sinxelo e nos vindeiros días estaremos Alí TV, unha canle de Youtube que recompilará contos, música e filmes infantís para ver no momento e ao que se accederá dende o portal.

Os recursos aparecen clasificados segundo sexan para ler, para escoitar, para ver ou para xogar. Hai de todo en galego? Necesitamos máis recursos na nosa lingua?

En galego hai moito material, pero non hai de todo. Atopamos carencias principalmente no audiovisual e no xogo. Apenas hai filmes infantís en galego e son contados os xoguetes, sobre todo se os comparamos cos que hai en castelán.

Esta desigualdade vese moi claramente no portal e mesmo pensamos que pode inspirar a algunha empresa xogueteira ou de produción audiovisual para que pense en crear novos produtos na nosa lingua.

Desde a vosa experiencia, de contacto directo coas persoas vinculadas á educación infantil, como conseguimos que os meniños e as meniñas falen galego?

Pois así de primeiras diríamos que pasando máis tempo con eles e con elas. Están nunha idade na que copian todo de seus pais e do contorno próximo, así que, se queremos que falen coma nós, debemos facer que estean con nós o maior tempo posible.

Agora ben, isto que soa moi bonito e parece moi simple é tremendamente difícil nos tempos que corren, con xornadas laborais longuísimas, malia ser o desexo de todas as nais e pais.

Por iso traballamos coas escolas infantís, porque as pequenas e os pequenos pasan moitas horas do día alí. Na nosa proposta formativa, ademais de facilitarlles as cousas á hora de bus-

car recursos, tentamos que as participantes reflexionen sobre a situación da lingua e o papel tan importante que desempeñan no proceso de normalización.

Tamén consideramos que a televisión é un factor clave na perda de falantes en galego, máis aínda coa chegada da TDT. Estanse mesmo a dar casos de nenas e nenos que viven nun contorno galegofalante, que non están nin sequera escolarizadas e escolarizados e que falan castelán habitualmente. Neste caso cómpre ofrecer actividades alternativas e, cando sexa inevitable o uso da pantalla, a internet pode ser unha ferramenta interesante, ben para seleccionar recursos en galego, ben para achegarnos á lusofonía.

Alí é unha proposta de Fabaloba. Fabaloba é unha empresa de xestión cultural, que servizos ofrece?

Temos tres áreas de actuación: servizos editoriais (creación de contidos, tradución, deseño...), educación ambiental e a que chamamos xestión cultural, aínda que nesta última en realidade cabe un abano de servizos moi diversos entre si: desde a pura xestión que implica a organización de eventos ata propostas formativas deseñadas e desenvoltas por nós mesmos en ámbitos coma a lingua e a escrita creativa, o deseño gráfico ou a creación audiovisual.

